



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

ANUNCIO

Por Resolución de alcaldía número 555/2022 do 23 de maio, aprobáronse as actividades culturais e deportivas de verán 2022, que organiza este concello, así como as bases que rexen as mesmas, tendo en conta que estas poden ser ampliadas en caso de que a situación COVID o permita. Esta Resolución transcrita literalmente dí:

“ASUNTO: APROBACIÓN DAS ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE BERGONDO PARA O VERÁN 2022, E AS SÚAS BASES.

EXPEDIENTE: 2022/D002/000005

ANTECEDENTES:

1. Este concello organiza actividades culturais e deportivas verán dende o ano 1999, e este ano, segue interesado en organizar estas actividades tendo en conta a evolución da crese sanitaria provocada polo COVID, a normativa actual.
2. No momento actual hai unha evolución favorable da crise sanitaria provocada polo COVID, aspecto que se ten en conta á hora de aprobar estas actividades, baseándonos na normativa actual. Polo que pouco a pouco, se intentará volver á normalidade.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Proposta tramitadora do expediente, co visto e praxe da concelleira de cultura, ensino e desenvolvemento económico, dona Patricia Vázquez Figueroa e do concelleiro dos servizos de xuventude e deportes, don Santiago Franco Blanco, asinada o 20-05-2022, onde consta a proposta das actividades culturais e deportivas que podría organizar o Concello de Bergondo, dende o 4 xullo ao 30 de setembro de 2022.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Atendendo a evolución actual da crise sanitaria provocada polo COVID, as primeiras actividades culturais e deportivas que se organizan para este verán son as que constan neste decreto. Atendendo a esta evolución podern realizarse máis propostas de actividades.

Ahora ben, se houberse unha involución nesta crise sanitaria, dende o concello adoptaranse as medidas extraordinarias estipuladas pola normativa que haxa que aplicar en cada momento.

Segundo.- Un dos obxetivos dos campamentos urbanos de verán é facilitar a conciliación da vida laboral e familiar nestas circunstancias marcadas polo coronavirus, e que os/as rapaces e rapazas do concello, tendo en conta a dispersidade deste, poidan relacionarse con rapaces e rapazas de idades similares.

Terceiro.- Que se organice este verán as seguintes actividades culturais e deportivas, tendo en conta que se no momento de preinscricións hai algunha demanda de actividades suxerida pola veciñanza, se poda estudar a organización e desenvolvemento destas, sempre que sexa posible no momento actual:



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

ACTIVIDADES CULTURAIS:

Actividade/ Temática	Días e horario	N.º Participantes	Idade	Prezo	Instalación	Actividades
Campamento urbano 1 <i>As nosas tradicións</i>	Do 4 ao 15 de xullo De 10 a 14.00 h. Servizo ampliado sen custo a maiores: de 8.30-10.00 e/ou de 14.00 a 15.00 h.10 a 14.00 h.	Mín. 16 e máx. 30	3-12 anos	60,00 €	Pistas polideportivas San Cidre (Ao carón da Casa da Cultura e de Xuventude)	Deportes alternativos Actividades recreativas Inglés e robótica Xogos populares 1 saída á Praia por turno 1 saída de senderismo por turno Festa fin de campamento
Campamento urbano 2 <i>Renovación enerxética</i>	Do 18 ao 29 de xullo De 10 a 14.00 h. Servizo ampliado sen custo a maiores: de 8.30-10.00 e/ou de 14.00 a 15.00 h.	Mín. 16 e máx. 30	3-12 anos	54,00 €		
Campamento urbano 3 <i>Educación vial</i>	Do 1 ao 12 de agosto De 10 a 14.00 h. Servizo ampliado sen custo a maiores: de 8.30-10.00 e/ou de 14.00 a 15.00 h.	Mín. 16 e máx. 30	3-12 anos	60,00 €		
Campamento urbano 4 <i>Os primeiros exploradores</i>	Do 17 ao 26 de agosto De 10 a 14.00 h. Servizo ampliado sen custo a maiores: de 8.30-10.00 e/ou de 14.00 a 15.00 h.	Mín. 16 e máx. 30	3-12 anos	48,00 €		

* Os campamentos urbanos son para nenos/as nados entre o 1/01/2008 ata o 31/12/2018

ACTIVIDADES DEPORTIVAS:

Actividade	Días e horarios	N.º Participantes	Idade	Prezo	Instalación
Actividades deportivas na Praia de Gandarío, turno 1: xullo	Martes e xoves de xullo De 10.00 a 13.00 h	Mín. 12 e máx. 30	+ 8 anos	48,00 €	Praia de Gandarío
Actividades deportivas na Praia de Gandarío, turno 2: agosto	Martes e xoves de agosto De 10.00 a 13.00 h	Mín. 12 e máx. 30	+ 8 anos	48,00 €	Praia de Gandarío
Taichí	Luns e mércores de xullo e setembro De 20.30 a 21.45 h	Mín. 6 e máx. 10	+ 16 anos	35,63 €	Pista polideportiva Casa da Cultura
Ioga	Martes e xoves de xullo e setembro De 20.30 a 21.45 h Comeza o martes 6 de xullo	Mín. 6 e máx. 10	+ 16 anos	40,38 €	Ximnasio Municipal da Casa da Cultura
Zumba	Martes e xoves de xullo e setembro De 20.30 a 21.30 h Comeza o martes 6 de xullo	Mín. 6 e máx. 10	+ 16 anos	32,30 €	Pista Polideportiva Casa da Cultura
Pilates	Sábados de xullo dende o 8 de xullo e sábados de setembro De 10.30 a 11.30 Comeza o sábado 10 de xullo	Mín. 5 e máx. 10	+ 16 anos	12,60 €	Ximnasio Municipal da Casa da Cultura

ACTIVIDADES DEPORTIVAS ORGANIZADAS CONXUNTAMENTE CON ENTIDADES DEPORTIVAS

Entidade	Actividade	Días e horarios	N.º participantes	Idade	Prezo	Instalación
Club Atlético Bergondo	Iniciación ao atletismo	4 de xullo 11.00-13.00 h	Mínimo 10	De 6 a 14 anos	Gratuíta	Pavillón Municipal de Guisamo e exteriores
Club de Olímpico Remo O Mandeo	Iniciación ao remo	5 de xullo 11.00-13.00 h	Mínimo 10	+ 11 anos	Gratuíta	Praia do Pedrido
Club Rítmica AUSERTA	Iniciación á ximnasia rítmica	6 de xullo 11.00-13.00 h	Mínimo 10	De 5 a 13 anos	Gratuíta	Pavillón Municipal de Guisamo

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público).



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Cuarto.- Aprobar as bases que rexen estas actividades culturais e deportivas Verán 2022. Estas son as seguintes:

1. Prazo de presentación de solicitudes: do 8 ao 14 de xuño de 2022.

Horarios e formas de presentación de solicitudes:

Poden elixir unha das seguintes opcións, **preferentemente** vía e-mail e formulario on line, nas que se enviará confirmación da solicitude vía e-mail.

- Vía E-mail: dende as 00.00 h do día 8 de xuño ata as 15.00 h do día 14 de xuño no correo electrónico cultura.deportes@bergondo.gal
- Vía formulario on line: dende as 00.00 h do día 8 de xuño ata as 15.00 h do día 14 de xuño na páxina web bergondo.gal.
- Vía telemática a través da sede electrónica municipal dende as 00.00 h do día 8 de xuño ata as 15.00 h do día 14 de xuño.
- Vía presencial: de 9.30 a 15.00 h na Casa de Cultura dende o día 8 ao 14 de xuño.

2. Nos campamentos urbanos o horario das actividades con todo o grupo será de 10.00 a 14.00 horas, pero haino horario ampliado para poder conciliar que será de 8.30-10.00 e de 14.00-15.00 horas, polo que, as persoas que necesiten un horario máis amplo das actividades en grupo poden deixar ós/ás nenos/as dende as 8.30 e recollelos ás 15.00 horas

3. Preferencia de participación. Nas actividades culturais e deportivas organizadas para este verán 2022, terán preferencia:

Primeiro: persoas empadroadas no Concello de Bergondo.

Segundo: persoas que poidan demostrar convivencia con persoas empadroadas neste concello ou que pasen as vacacións en verán no Concello de Bergondo na súa segunda residencia sita Concello de Bergondo. Nestes casos deberán realizar unha declaración xurada desta situación, a cal poderá ser comprobada dende o Concello de Bergondo.

4. Listaxes provisionais. Serán publicadas día 16 de xuño na páxina web do concello e na Casa de Cultura.

5. Prazo de reclamación ás listaxes provisionais será o día 17 de xuño.

6. Sorteo público. Se hai máis solicitantes que prazas, realizarase un sorteo público, na Casa da Cultura, o día 20 de xuño, ás 10.00 h.

7. Listaxes definitivas. Serán publicadas das o día 21 de xuño na Casa de Cultura e na páxina web do concello (bergondo.gal). Publicaranse as listaxes definitivas das actividades que saen e a listaxe das actividades que non saen, por non acadar un mínimo de solicitudes.

8. Prazo de inscricións e pago das actividades: do 22 ao 27 de xuño. Se rematado este prazo, as persoas admitidas por sorteo non realizan a inscrición, serán substituídas polas que figuran na lista de reserva.

9. Material. Nas actividades que se relacionan a continuación deberán levar o seguinte material:

- **Campamentos urbanos:** unha mochila conorra, protección solar, botella de auga e merenda. Toalla e chanquetas (para a saída a praia).



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

- **Taichí, ioga e pilates:** esterilla.
- **Actividades náuticas:** toalla, chancletas, traxe de baño, gorra, camiseta térmica de auga, protección solar, botella de auga e merenda.

10.Reducións de cotas

- 50% para familias numerosas.
- 50% para persoas inscritas no Programa de Voluntariado dos Servizos Sociais Municipais.
- 50% ou 100% da cota, a aquelas persoas que se consideren desfavorecidos, previo informe da Área de Benestar Social.
- 50% para as persoas que acrediten debidamente figurar nos rexistros do paro, ou ben no caso de menores de idade cando ambos proxenitores ou titor do participante o acrediten. Para acreditar a dita situación, deberase entregar xunto coa solicitude un xustificante da oficina do INEM, cuxa data coincida co período de preinscrición.

Nos casos en que as persoas teñan dereito á redución de cota, deberán achegar o xustificante correspondente no momento da inscrición.

11. O Concello de Bergondo resérvase o dereito de efectuar as modificacións nas instalacións, horarios, profesorado, de facer reagrupamentos, etc que se consideren necesarias; ou anular algunha actividade, por motivos organizativos ou pola normativa vixente actual da crise sanitaria COVID-19.

12. As persoas ou representantes que participan ou realizan as solicitudes nas actividades culturais e deportivas Verán 2022:

- Declaran coñecer e aceptar as bases que rexen esta convocatoria.
- Fan constar que o/a inscrito/a non padece enfermidade que os incapacite para a práctica deportiva, tendo feito o oportuno recoñecemento médico.
- Autorizan a ceder os datos persoais da solicitude á empresa que impartirá as actividades.
- Autorizan a utilizar as fotos tomadas nas actividades para a realización de memorias, publicidade, páxina web, medios de comunicación, folletos, etc
- De conformidade co establecido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD), infórmaselle que os datos de carácter persoal facilitados a través do presente formulario, así como a documentación achegada, serán incorporados ao correspondente rexistro de actividades de tratamento do departamento de CULTURA E DEPORTES á cal vaia dirixida a presente solicitude e cuxa finalidade é a xestión da convocatoria pública de subvencións municipais a deportistas individuais do Concello de Bergondo. Os datos serán tratados de maneira confidencial e só serán cedidos a outras entidades cando se cumpran as esixencias establecidas na lexislación vixente de protección de datos e para completar co fin para o que estes datos foron recabados. Non serán obxecto de transferencias internacionais. A presente instancia fundamenta o tratamento dos datos contidos nela, no art.6.1 e) do RXP: “en cumprimento de misión realizada en interese público ou exercicio de poderes públicos” conferidos a este concello e, os datos persoais que nos proporciona mediante este documento, conservaranse durante o prazo necesario para o cumprimento das obrigacións legais que deriven do mesmo. As persoas interesadas, debidamente acreditadas, poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade e dereito a non ser obxecto de decisións automatizadas nos termos previstos na precitada Lei, mediante comunicación escrita dirixida ao **responsable do tratamento, o Concello de Bergondo**, con CIF P1500800F, e dirección en **Estrada A Coruña 12, 15165 Bergondo (A Coruña)**. Pode obter información máis detallada sobre o tratamento dos seus datos persoais a través do correo dpd@bergondo.gal ou consultando a política de privacidade na páxina web do concello <http://bergondo.gal/menu-pie/politica-de-privacidad/>.



CONCELLO DE BERGONDO

Estrada da Coruña, 12 - 15165 Bergondo (A Coruña) • Telf.: 981 79 12 52 • Fax: 981 79 42 33

Quinto.- Que se publiquen estas bases no taboleiro de edictos da sede electrónica e na páxina web oficial do Concello de Bergondo: bergondo.gal.”

Bergondo, 7 de xuño de 2022

A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez